

Expte. nº: 2023/C003/000007

MEMORIA XUSTIFICATIVA

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE, IDONEIDADE E INSUFICIENCIA DE MEDIOS, MOTIVACIÓN DA NON DIVISION EN LOTES, E XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. OBRA : “OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN E ESPACIOS LIBRES NO ÁMBITO DA UA-3 DAS NN.SS. DE ARTEIXO (A CORUÑA)”

1. FEITOS

O proxecto de “OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DE ESPACIOS LIBRES EN EL ÁMBITO DE LA UA-3 ” presentouno o arquitecto D. José Antonio Martínez Lema xunto co enxeñeiro Manuel Barredo Pérez o 25.11.2022 co Rexistro de entrada 202299900007871..

O seu obxecto e a execución da zona central axardinada da unidade de actuación 3 no núcleo urbano de Arteixo, entre as rúas Manuel Murguía Pastor Díaz e Aurelio Aguirre e mellorar os accesos tanto peonil como de vehículos

2. FINS INSTITUCIONAIS E NECESIDADE.

A unidade de actuación 3 UA 3 quedou delimitada na aprobación das NORMAS SUBSIDIARIAS de Arteixo do 23 de maio de 1995.

O pleno deste concello na súa sesión do 26.12.2002 aceptou e fixou como sistema de actuación o de COOPERACIÓN, sistema de execución directo que supón que os propietarios achegan o solo e a Administración executa as obras con cargo a eles.

Mediante expediente 2021/U036/000002 iniciouse o proxecto de reparcelación da unidade, sen que conste a súa finalización.

Mais polo feito de que é a Administración quen executa as obras segundo o artigo 116 da LSG e necesario o procedemento de contratación pública.

3. NATUREZA E EXTENSIÓN DAS NECESIDADES A CUBRIR

Coa execución deste contrato iniciáanse as obras de urbanización que son obrigadas para os propietarios da unidade de actuación 3 e que adelanta esta administración, co fin de dotar dunha zona verde ampla que inicie un dos paseos fluviais de Arteixo.

4. PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO (VEC): Artículo 101.1 LCSP <i>A todos los efectos previstos en esta Ley, el valor estimado de los contratos será determinado como sigue: a) En el caso de los contratos de obras, suministros y servicios, el órgano de contratación tomará el importe total, sin incluir el Impuesto sobre el Valor Añadido, pagadero según sus estimaciones.</i>	446.520,18 €
PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN (PBL). Artículo 100.1 LCSP <i>Se entenderá el límite máximo de gasto que en virtud del contrato puede comprometer el órgano de contratación, incluido el Impuesto sobre el Valor Añadido.</i>	540.289,42 €

5. INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Ao ser un contrato de obras, segundo o art. 166 da LCSP non procede informar este aspecto por non ser un contrato de servizos.

6. MOTIVACIÓN DE DIVISION EN LOTES

Dacordo co artigo 99.3, da LCSP 9/2017, sempre que a natureza ou obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das suas partes mediante a súa división en lotes, poidéndose reservar lotes de conformidade codispoto na disposición adicional cuarta.

Con todo, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente.

Dende o punto de vista técnico, para o contrato obxecto desta memoria, non se considera oportuna a división en lotes, posto que a realización independente das diversas partes que a compoñen dificultaría a correcta execución desta, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes partes da obra por unha pluralidade de contratistas distintos, o que limitaría o cumprimento dos prazos previstos e a execución da obra con garantías de boa execución.

7. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DO PROCEDEMENTO

Dacordo co artigo 145 da LCSP, a adxudicación dos contratos realizarase utilizando unha pluralidade de criterios en base a mellor relación calidade-prezo. Proponse empregar o **procedemento aberto** para dar cumprimento ao anterior artigo.

Ademais, ao tratarse dun contrato de obras, considerase convinte valorar aqueles aspectos que poidan permitir unha mellor prestación posible durante a execución, tales como unha memoria (na que se describa a proposta de planificación da obra e a súa organización, todo elo a partir da análise do proxecto e do coñecemento do ámbito de actuación e as súas características particulares, así como dos medios e a metodoloxía propostos) e un programa dos traballos (que xustifique, a partires da planificación e organización propostas e con os medios de execución ofertados, a viabilidade da execución no prazo establecido e no seu caso, a folgura disponible. Por iso, proponse a valoración de aspectos non susceptibles de ser valorados mediante fórmulas matemáticas, ademais do prezo de execución ofertado polos licitadores.

Asinado dixitalmente. Luísa María Aba Garrote. Arquitecta Municipal.

Asinado dixitalmente. Jose-Manuel Caamaño Varela. Concelleiro de Obras.